

Curtis, 26 de xullo de 2021

Sendo ás 11:30 horas, réunese o tribunal nomeado mediante resolución da alcaldía núm. 439/2021 do 08/07/21, para a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, mediante funcionario de carreira, dunha vacante de administrativo adscrito á unidade de secretaría e servizos xerais:

- Presidente: José Antonio Varela Doval, administrativo funcionario de carreira da administración local.
- Vogal: M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, técnica funcionaria de carreira da administración local.
- Vogal: José Vázquez Santé, administrativo funcionario de carreira da administración local.
- Vogal: Gabriel Monteagudo Romero, administrativo funcionario de carreira da administración local.
- Secretario: Roberto Corral Mouzo, administrativo funcionario de carreira da administración local.

A valoración da fase de concurso rexerase polo establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Curtis de 2020 de estabilización do emprego temporal, aprobadas mediante resolución da alcaldía nº 166/2021 do 17/03/21 (BOP nº 55 do 24/03/21), e as bases específicas dos diferentes procesos selectivos ofertados na OEP, aprobadas mediante resolución da alcaldía núm. 217/2021 do 08/04/21 (BOP nº 72 20/04/21; DOG nº 89 12/05/21; BOE nº 117 17/05/21).

A Base Décimo Segunda das Bases Xerais, establece sobre a fase de concurso:

*"1. Na fase de concurso comprobaranse e cualifícaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. A suma das puntuacións na fase de concurso non poderá superar o 40 % da puntuación total con carácter xeral.*


*2. Nesta fase valoraranse a experiencia profesional na forma que se describa nas bases específicas correspondentes, cun máximo de 40 puntos.*

*A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.*

*Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.*

*3. A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse nos taboleiros de anuncios físico e electrónico municipais, e a os sós efectos informativos, na páxina web do Concello de Curtis.*

*4. Os aspirantes disporán de un prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.*



5. A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición."

Doutra banda, na Base Quinta das bases específicas establecece:

"2. A FASE DE CONCURSO, que se puntuará cun máximo de 40 puntos, consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto; e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación no proceso selectivo.

Puntuación da Experiencia profesional (Máximo 40 puntos):

- Por servizos prestados na Administración Local ou entidade pública dependente da mesma en prazas ou postos de traballo de idéntica ou similar categoría á do obxecto da convocatoria: 1 punto por cada mes de servizo, ata un máximo de 40 puntos.
- Por servizos prestados noutra Administración Pública ou entidade do sector público en prazas ou postos de traballo de idéntica ou similar categoría á do obxecto da convocatoria: 0,50 puntos por cada mes de servizo, ata un máximo de 40 puntos.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes.

Para a acreditación dos méritos anteditos deberase achegar a correspondente documentación tal e como se indica na base segunda das Bases Xerais. "


Deste xeito, e de conformidade co establecido nas bases, procédese a valoración dos méritos aportados polos aspirantes durante o prazo de presentación de instancias:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
*630G	Agromartín Vázquez, Noelia	0
*083L	Ares Campello, Sandra María	0
*863D	Bondad Quintela, Alexandre Yeral	0
*497E	Calvo Barcia, Iria	0
*802D	Caridad López, María José	0
*997X	Carrodegas Rodríguez, Ivon	40
*171V	Deus Fernández, María Isabel	0
*695Y	El Gtaibi Fernández, Yasmina	0
*454A	González Vecin, Beatriz	40
*987Q	López Barro, Francisco	13,5
*512D	López Figueroa, Óscar	40
*311S	López Rodríguez, Sandra	40
*621Q	Martínez Seoane, Jose Jaime	0
*443R	Pazos Otero, Rafael	0
*753T	Pintos Capeans, Jesús Manuel	0
*939S	Ramos Siaba, María Margarita	40
*006F	Reigosa Lombao, Agostiño	14,5
*534A	Río Valle, José Luis	0
*392D	Ríos Pena, Xesús Manuel	0
*476D	Sanjurjo Sánchez, Margarita	0
*293F	Suárez Gómez, Rocío	0
*263T	Tabeayo Taboada, Ana María	0


De conformidade co establecido na clausula 12.4 das bases xerais, os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da presente acta, para efectuar as alegacións que estimen oportunas.

En caso de que non se presente alegación algunha, os resultados elevaranse a definitivos.

Sendo as 11:45 horas, dase por rematada a reunión.



O presidente



O secretario

Os vogais

